

PROPOSICIÓN NON DE LEI : ENFERMERIA ESCOLAR: Regulación da Figura e Dotación dos Centros Escolares en Galicia.

Á Mesa do Parlamento

Maite Peña Fernández, María Paz Gómez del Valle Ochoa, Jorge Rodríguez González, Vanesa Alvarellos Cerqueiro, Ana Josefa García Campos, María José Álvarez Folgar, María Luisa Rodríguez Pereiro, Montserrat Álvarez Rodríguez, Rogelio Carballo Solla e María José Mansilla Chao, ao abeiro da Lei 7/2015, do 7 de Agosto, no seu artigo 16, presenta a seguinte Proposición Non de Lei sobre Enfermería Escolar, regulación da figura e dotación dos Centros Escolares en Galicia, para o seu debate no Parlamento.

Exposición de motivos

A Proposición non de Lei que seguidamente expoñemos conta cos apoios de diversas asociacións que pasamos a nomear: Federación Galega de Diabetes, Unión Galega de Epilepsia, Federación Autismo Galicia, Asociación de Déficit de Atención Hiperactividade e Necesidades específicas de apoio educativo, Asociacións de Nais e Pais (CONGAPA e CONFAPA), Colexio de Enfermería de A Coruña e Consello Galego de Médicos.

Primeiro.- Na Comunidade Autónoma de Galicia existe un número relevante de enfermidades crónicas que afectan á infancia, tales coma Diabetes Mellitus (DM) tipo 1, asma, epilepsia, enfermidade inflamatoria intestinal, etc. Deseguido amosamos datos do impacto dalgunhas delas:

- Segundo un estudo multicéntrico realizado na nosa comunidade no ano 2011, a DM tipo 1 ten unha incidencia de 17,2 casos/100.000/ano. Ao longo de 10 anos diagnosticáronse 559 novos casos de DM tipo 1 en menores de 15 anos, dos cales 330 eran menores de 10 anos.
- Respecto ao asma, un estudo transversal, levado a cabo na nosa comunidade, publicado no ano 2011, estima que as incidencias de devandita enfermidade entre nenos de 6-7 anos acada o 13,6%, e entre adolescentes de 13-14 anos o 12,2%.
- Tamén existen outros trastornos que derivan en condutas de risco como é o caso do Autismo ou o Déficit de Atención e Hiperactividade, que afecta ao 5-7% dos nenos en idade escolar, que precisan de actuacións individualizadas, multidisciplinares e ben coordinadas. Amais, no horario escolar, prodúcense situacións de urxencia asistencial derivadas de accidentes que poden ser potencialmente solventados por un enfermeiro/a escolar.

Segundo: Tralo diagnóstico de calquera enfermidade crónica é importante achega-las ferramentas necesarias para que dita afección non impida unha correcta integración do menor en tódalas facetas da súa vida, incluída a escola. Un recente estudo levado a cabo pola Fundación Española de Diabetes (FEDE) sobre as necesidades do Neno con Diabetes en Idade Escolar, con datos de 17 comunidades autónomas, amosa os seguintes achados: o diagnóstico de DM tipo 1 afectou a súa vida familiar en 7 de cada 10 proxenitores, e 1 de cada 2 tivo que modifica-la súa actividade laboral para atende-lo seu fillo; o 27% dos pais con nenos diabéticos menores de 6 anos atoparon algún problema no centro escolar a consecuencia da enfermidade; o 71% dos nenos con diabetes non come no colechio por motivos de proximidade, pero tamén derivados da enfermidade, como é asegurarse unha dieta axeitada e a administración de insulina; un 40% dos pais considera que o centro escolar non sabe recoñecer hipoglucemias leves.

Terceiro.- Corresponde a tódalas profesións sanitarias participar activamente en proxectos que poidan beneficia-la saúde e o benestar das persoas en situacións de saúde e enfermidade, non só garantindo un correcto tratamento e coidado senón tamén desenvolvendo o campo da prevención, educación sanitaria e intercambio de información con outros profesionais.

Cuarto.- A figura de Enfermeiro/a Escolar xorde en Londres no 1897. “The London School Nurses Society” crea os primeiros postos e determina as súas funcións. Na actualidade é unha entidade recoñecida noutros países da Unión Europea tales como Suecia ou Francia, e tamén en EE.UU. onde máis do 75% das escolas contan con enfermeiros/as a tempo completo. En España outras comunidades autónomas como Madrid, Valencia e máis recentemente Extremadura, Murcia, Andalucía e Canarias xa a recoñecen.

As competencias do enfermeiro/a escolar son múltiples. A continuación expóñense a modo de sinopse algunhas delas:

- **Función asistencial:** prestar atención e coidados da saúde integral ao alumnado e resto da comunidade escolar, coidados que inclúen:
 - Control e seguimento do alumnado con enfermidades crónicas en colaboración coa familia, facultativos e demais membros do equipo de saúde.
 - Actuar ante emerxencias ou incidencias que xurdan durante o horario escolar.
 - Administra-los tratamentos e medicacións prescritos polos profesionais médicos aos escolares que o requiran, previa autorización por escrito.
 - Previr e detectar de maneira precoz problemas de saúde.
 - Crear unha historia individualizada.
 - Supervisa-lo equilibrio da alimentación ofrecida no centro.

- **Función docente:**
 - Promover saúde e hábitos de vida saudábeis.
 - Educar aos alumnos con enfermidades crónicas e ao resto de comunidade educativa no concepto de autocoidado.

- **Función investigadora:**
 - Mellora-los recursos didácticos en colaboración co equipo docente.
 - Avaliar resultados e cumprimento de obxectivos en materia de promoción de saúde.

- **Función xestora:**
 - Se-lo referente de saúde e nexos de unión entre os diferentes organismos involucrados na saúde dos escolares, facilitando programas de promoción de

saúde implantados pola Administración.

Quinto.- A figura do enfermeiro/a escolar presenta unha gran utilidade dadas os seus múltiples labores, e comprobouse o seu custo-efectividade en artigos publicados en revistas científicas de alto impacto, como JAMA, onde se determina un beneficio neto en EE.UU. de 88,2 millóns de dólares, ou dito doutro xeito: por cada dólar investido gáñanse 2,2 dólares, medidos en termos de aforro en coidados médicos, absentismo laboral dos pais e produtividade do profesorado.

Sexto.- A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Educación non contempla a figura de Enfermeiro/a Escolar no coidado das enfermidades crónicas.

Segundo a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece o dereito á EDUCACIÓN SANITARIA e á información axeitada que propicie a adopción de costumes e estilos de vida saudábeis. Tamén especificase no artigo 14 do seu Título 1, Capítulo 1, que: “As persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas Administracións Sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia.”

Na actualidade existe unha Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, relativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en cuxo artigo 71 do seu Título II, Capítulo I, establécese que: “As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.” De igual maneira, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.

No Decreto 229/2011, do 7 Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no seu Capítulo II, garántese “unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais” e asegúrase a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades.

A normativa define ao alumno con necesidades específicas de apoio educativo como aquel que requira por un período da súa escolarización, ou ó longo de toda ela, de determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidades motoras, sensoriais, intelectuais ou trastornos xeneralizados da súa conduta.

A tenor da lexislación vixente evidénciase un claro baleiro normativo en materia de apoio sanitario nos centros docentes con nenos que padecen enfermidades crónicas tales como DM tipo 1, asma, epilepsia etc. Dito baleiro implica una clara situación de vulnerabilidade e risco de deterioro da saúde dos nenos galegos no seu horario lectivo.

Por todo o exposto preséntase devandita Proposición Non de Lei para o seu debate.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer e regular a figura da Enfermería Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Promover un acordo entre as Consellerías competentes en materia de Educación e Sanidade para determina-la execución e adxudicar un enfermeiro/a aos centros públicos e privados concertados.

Mesa do Parlamento de Galicia